



GOBIERNO CIVIL
DE
ORENSE

- 1 -

5/a

Jurado P. de Montes en Mano Común

En sesión celebrada en la fecha que se indica, se adoptó el siguiente

ACUERDO

En la Ciudad de Orense, a 22 de Febrero de 1.978

Visto, en el día de la fecha, por el Jurado Provincial de Montes en Mano Común, con asistencia de los señores que constan en acta, el presente expediente de clasificación de los montes denominados: Montes "DE PARDERRUBIAS"

tramitado a instancia de la Administración Forestal, como perteneciente en régimen de comunidad germánica a los vecinos de la parroquia de Parderrubias, del término municipal de La Merca.

RESULTANDO: Que por los Servicios de Investigación Forestal se confeccionó la carpeta - ficha de los montes objeto de este expediente, conteniendo el croquis "mosaico" de fotografías aéreas, la situación jurídico-administrativa, con un estudio histórico de la evolución de la propiedad colectiva vecinal, estado de los montes en relación al Catálogo, Inventario y Registro de la Propiedad y la posición de la Administración Municipal, situación de hecho, para llegar a la conclusión de que tales montes son claramente definibles como montes vecinales en mano común, porque la posesión vecinal es pacífica y no interrumpida, desde tiempo inmemorial, en concepto de dueños, porque tienen una procedencia foral, porque la propiedad ha permanecido indivisa y los aprovechamientos vienen siendo mancomunados, ligados a la condición de vecinos de sus beneficiarios, sin fijación de cuotas específicas; porque el Ayuntamiento presta aquiescencia a la posible calificación de vecinales en mano común.

RESULTANDO: Que en sesión del Jurado Provincial, de fecha 9 de Noviembre de 1.977 se acordó iniciar expediente para la clasificación de los montes de referencia, designando como instructor a Don Ovidio Chamosa Sarardeses quien aceptó el cargo y procedió a su tramitación, librándose mandamiento para la anotación preventiva en el Registro de la Propiedad del Partido; también se acordó oír a todas las personas, organismos y corporaciones interesados, librándose comunicaciones a tal fin, dirigidas al Sr. Alcalde del Término municipal; Presidente de la Junta de Comunidad o Alcalde Pedáneo, Presidente de la Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos, Diputación Provincial y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., publicándose edictos en el Boletín Oficial de la Provincia y en el Tablón de Anuncios del Ayuntamiento. Habiendo comparecido el I. C. O. N. A. alegando que el monte se halla catalogado con el número 81-A, en el Catálogo de los de Utilidad Pública, y que se halla consorciado, que habrá de revisarse. No habiendo comparecido las demás partes interesadas.

RESULTANDO: Que en la tramitación del presente expediente se han cumplido las formalidades legales, especialmente cuanto dispone la Ley de Montes en Mano Común, de 27 de julio de 1968, y el Reglamento para su aplicación, de 26 de febrero de 1970, así como lo establecido en la Ley de Procedimiento Administrativo, de 17 de julio de 1958.

VISTOS, los preceptos citados y demás disposiciones de general aplicación.

CONSIDERANDO: Que el Jurado Provincial de Montes en Mano Común tiene jurisdicción y competencia para conocer del presente expediente de clasificación de los montes que tengan tal carácter, a tenor de lo dispuesto en el art.º 10 de la Ley citada y el art.º 10 de su reglamento.

CONSIDERANDO: Que la Administración Forestal es parte legítima para solicitar la iniciación del presente expediente de clasificación de los montes como vecinales en régimen de comunidad germánica o mano común, como así lo reconoce el art.º 11 de la citada Ley de Montes en Mano Común.

CONSIDERANDO: Que el tipo de comunidad germánica que instituye la Ley de Montes en Mano Común, inspirada en el reconocimiento que de esta comunidad ha hecho el Tribunal Supremo, entre otras, en las Sentencias de 22 de diciembre de 1926, 28 de diciembre de 1957, 30 de septiembre de 1958 y muy especialmente en la de 2 de febrero de 1965, tiene como características esenciales las siguientes: 1.ª).- Los condóminos están unidos por vínculos personales de vecindad, agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos o barrios; no constituidos formalmente en Entidades Municipales. 2.ª).- Que, por tanto, el número de titulares es variable e indeterminado. 3.ª).- Que el patrimonio colectivo sea utilizado y aprovechado por la cualidad de miembro de la agrupación vecinal, faltando la idea de cuota en el sentido jurídico romano. 4.ª).- Que el patrimonio y la participación es inalienable e intransferible y se pierde al perder la cualidad de vecino. 5.ª).- La comunidad es indisoluble, los comuneros no pueden pedir ni ejercitar la "actio communi dividundo".

CONSIDERANDO : Que el monte denominado "Monte de PARDERRUBIAS", según resulta de las actuaciones, reúne todas las características anteriormente enumeradas que definen la propiedad colectiva de tipo germánico o comunidad en mano común, por que los vecinos de la parroquia de Parderrubias, vienen consuetudinariamente aprovechando los disfrutes naturales del monte, desde tiempo inmemorial; sin que se obstáculo a la clasificación el que el monte se halle catalogado, en el que figura con el número 181-A de los de Utilidad Pública, porque como enseña el número 2º del artículo 1º de la Ley de 27 de Julio de 1.968, tal circunstancia no impide su clasificación.

EL JURADO PROVINCIAL DE MONTES EN MANO COMUN, a la vista de los antecedentes y fundamentos de derecho expuestos, ACUERDA:

C L A S I F I C A R el monte denominado "MONTE DE PARDE-
RRUBIAS", de 469 Ha., cuyos linderos son Norte, términomuni-
cipal de Barbadanes (montes de Bacarizas, perteneciente a los ve-
cinos de Bentraces, Loiro y Sobrado), partiendo del vértice de
Verea, baja por un camino a Val de Traves y corta hacia el Este
hacia Couso, de donde sigue hacia el Sur hasta Outerolo; al Es-
te, divide con el monte de Soutopenedo, siguiendo la mojonera
hacia el Sur de San Ciprián de Viñas, hasta la fincas cercanas
a Xeixal; por el Sur, sigue el poligono de cierre con fincas par-
ticulares hasta el camino de Verea, y por el Oeste, divide con
el monte de Pereira, siguiendo hacia el Norte por la Cumbre hasta
Verea; que se clasifica como perteneciente en régimen de cotitu-
laridad germánica o mano común a favor de los vecinos de la parro-
quia de Parderrubias. Excluyse el monte del Catálogo de los de
Utilidad Pública, en el que figura con el número 81-A, incluyase-
le en la relación de monte vecinales del Ayuntamiento y téngase
el consorcio forestal existente a efectos de revisión del mismo
a favor de los vecinos de Parderrubias.

Notifíquese esta resolución al Sr. Alcalde, Presidente o Representante de la Co-
munidad y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., a los que se les hará saber que contra
esta resolución pueden interponer el recurso contencioso-administrativo, ante la Sala co-
rrespondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña, en el plazo de DOS MESES,
previo el de reposición ante este Jurado Provincial, en el plazo de UN MES, a partir del
día siguiente a su notificación.



Sr.

[Handwritten signatures and scribbles]
Indultore
Antonio
Ramón Quintal
Vladimir González

Prov.º	Munic.º	Comunidad Prop.º	N.º monte
OR	47	9	1

CLAVE DEL MONTE

• 3.- ESTADO FISICO

Ref. Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Este "MONTE DE PARDERRUBIAS" está situado al N.º de los pueblos de la parroquia del mismo nombre y de sus fincas particulares, formado por lomas y laderas que suben hacia el N.O. hasta el Alto De Verea y los límites con la parroquia de Pereira de Montes por el O. y del monte "Bacarizas" de Loiro, Benlaces y Sobrado del Póbispo en término municipal de Barbadanes por el N.º

El terreno es bastante accidentado, con pendientes uniformes y relativamente suaves, con altitudes comprendidas entre los 460 y 540 m.

Tiene accesos por pistas forestales enlazadas con la carretera de Orense a Celanova.

3.2 SUPERFICIE.

469 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

333 LINDEROS

N.- Término municipal de Barbadanes (monte "Bacarizas" de Benlaces, Loiro y Sobrado).

E.- Término municipal de San Ciprián de Viñas (monte de Seutopenedo).

S.- Fincas particulares de la parroquia de Parderrubias.

O.- Monte de Pereira de Montes.

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N° monte
OR	47	9	1

Ref.* Indice

CLAVE DEL MONTE

3.4 DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

El perímetro de este "MONTE DE PARDERRUBIAS" puede describirse empezando por el extremo N.O. en Vereá, donde están las "tres rayas" de este monte con el de Pereira de Montes y el de Loiro, Benlaces y Sobrado.

Por el N. divide con monte "Bacarizas" de Loiro, Benlaces y Sobrado del Obispo según la línea que parte de Vereá, baja por un camino a Val de Trabes y corta hacia el E. hasta Couso, de donde sigue hacia el S. hasta Outarelo. Con este límite no están de acuerdo los vecinos de Loiro, Benlaces y Sobrado, que pretenden que su monte siga la línea recta de la mojonera entre municipios desde Vereá hacia el E. hasta Outarelo.

Por el E. divide con monte de Soutopenedo, desde Outarelo siguiendo hacia el S. la mojonera con el término municipal de San Ciprián de Vinas hasta las fincas cercanas a Xeixal.

Por el S. sigue la poligonal formada por el cierre de las fincas particulares, desde el límite con Soutopenedo por el E. hasta el Camino de Vereá por el O. ya en el límite con Pereira.

Por el O. divide con monte de Pereira siguiendo hacia el N. la cumbre por donde va el camino de Vereá hasta llegar al Marco de Vereá, donde se comenzó.

3.5 OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES

El límite de este "MONTE DE PARDERRUBIAS" con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que algunas de las parcelas concedidas a los vecinos para cultivo han sido en parte apropiadas por éstos. Se ha llegado con los límites del monte hasta donde existe se

Prov.º	Muníc.º	Comunidad Prop.º	N.º monte
0R	47	9	1

Ref.º Índice
 . . .
 3.5

CLAVE DEL MONTE

seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al mismo.

En caso de que este monte llegara a ser calificado como vecinal en mano común este monte, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.

11. Gastos de anuncios.

O importe do anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2007.

P.D.(Orde 12-8-2005)

Alberte Souto Souto

Secretario xeral da Consellería de Medio Rural

Edicto do 24 de setembro de 2007, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se inicia a tramitación do expediente de clasificación do monte Eira das Varelas-Castrove, solicitado polos veciños da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Curro, do concello de Barro, e se abre un período dun mes para a práctica de alegacións.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o día 26 de outubro de 2006, acordou iniciar os trámites para a clasificación, como veciñal en man común, do seguinte monte:

Concello: Barro.

Parroquia: Curro.

Nome do monte: Eira das Varelas-Castrove.

Cabida: 8.884 m² (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: estrada ao lugar de Fonte do Curro e predios particulares de Roberto Palacios Ares, Edelmiro Varela Abal, Antonio Falcón Sartal e outros.

Sur: predios particulares de Herminda Rivas Outeda, Cecilia López Pazos, Manuel Núñez Sartal, José Sartal Pazos, José Magariños Pasarín, Manuel Sabarís González, Modesto Sabarís, Ernestina Pazos Louzán, Ramona Pazos Sabarís, Salvador Güimil Sabarís, Albino Agraso López, Teresa Varela Maquieira, Cecilia Varela Varela, Remedios García Varela, José Touriño Güimil e outros.

Leste: predios particulares de Sara Mouriño Magdalena, Amelia Abal Moldes e outros e monte xa clasificado da propia Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Curro.

Oeste: predios particulares de Manuel Varela Varela, Luis Varela Mouriño, Ernestina Pazos Louzán, Cecilia López Pazos, José Manuel Abollo Puente e outros.

O que se pon en coñecemento de todos os interesados, para os efectos de abrir un período dun mes de duración para que poidan examinar o expediente e aducir durante este tempo o que consideren procedente en relación cos montes de referencia, así como achegar cantas alegacións, documentos ou informa-

cións consideren convenientes e, se for o caso, propoñer proba concretando os medios de que pretendan valerse, de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da dita lei.

Pontevedra, 24 de setembro de 2007.

P.A.

M^a Jesús Novoa Suárez
Instrutora

Edicto do 25 de setembro de 2007, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, relativo á modificación de límites entre os montes veciñais en man común Vacarizas, no concello de Barbadás e Parderrubias, no concello da Merca.

O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense acordou en sesión que tivo lugar con data 12 de setembro de 2007 proceder á modificación do límite entre os montes veciñais en man común Vacarizas, do Concello de Barbadás e Parderrubias, do Concello da Merca, en Ourense, por petición das comunidades constituídas polas parroquias de Loiro (San Martiño), Bentraces (San Xoán) e Sobrado do Bispo (Santa María).

O Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense procedeu a replantear o límite entre os montes Vacarizas e Parderrubias segundo os acordos respectivos de clasificación correspondentes aos dous montes e nos que consta que o límite entre ambos os dous é a liña dos termos municipais.

Realizadas as comprobacións sobre o terreo en presenza dos representantes das dúas comunidades, tendo tamén en conta as actas do Instituto Xeográfico Nacional e de acordo co levantamento topográfico das coordenadas UTM que define a situación dos marcos, as asembleas das dúas comunidades veciñais recoñecen que o límite entre os dous montes mencionados é o da liña dos termos municipais, polo que o xurado provincial acorda aprobar a modificación do límite entre o monte veciñal en man común Vacarizas, pertencente ás parroquias de Loiro (San Martiño), Bentraces (San Xoán) e Sobrado do Bispo (Santa María), do concello de Barbadás, e o monte veciñal en man común Parderrubias, pertencente á parroquia de Parderrubias (San Olaia), no concello da Merca. Apróbase, así mesmo, a rectificación efectuada nos correspondentes planos de clasificación.

Este acordo pode ser obxecto de recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente de recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de

dous meses contados desde o día seguinte ao desta publicación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 25 de setembro de 2007.

Xosé Rodríguez Cid
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

Edicto do 5 de outubro de 2007, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se resolve a clasificación de 5 parcelas de monte, solicitadas a prol dos veciños da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador, do concello de Poio.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise constar que:

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dictou a seguinte resolución:

Asistentes.

Presidente: Gonzalo Constenla Bergueiro (delegado provincial da Consellería do Medio Rural).

Vocais: Víctor Abelleira Argibay (avogado polo colexio da provincia). Mª Jesús Novoa Suárez (letrada da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia). Jesús de la Fuente Villar (xefe do servizo de Montes e Industrias Forestais).

Vogais representantes da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador, Concello de Poio: Carmen Esperón Serial, Manuel Gago Juárez.

Secretario: José Mª Muñños Mayoral.

Na cidade de Pontevedra, ás 17.00 horas do día 10 de maio de 2007, coa asistencia das persoas antes citadas, reúnese, na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir sobre a clasificación de 5 parcelas de monte, da parroquia de San Salvador, do concello de Poio.

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Con data de entrada 22-6-2005, Carmen Esperón Sertal, na súa condición de presidenta da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador, do concello de Poio, e en representación dela, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación de 5 parcelas de monte como veciñais en man común para os veciños da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador, acompaña informe técnico e pericial que, describe o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

Segundo.-Emendas determinadas eivas e fallas advertidas pola Administración, o Xurado Provincial de Montes en Man Común acordou, na súa sesión do 10-1-2006, incoar o correspondente expediente de clasificación das 5 parcelas de monte a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador, do concello de Poio.

Terceiro.-O rexistrador da propiedade nº 1 de Pontevedra certifica, con data 7-6-2006, que as parcelas de monte solicitadas non aparecen inscritas a nome de ningunha persoa.

Cuarto.-Á vista da documentación achegada polo solicitante e o informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais as parcelas de monte obxecto deste expediente obedecen á seguinte descrición:

Concello: Poio.

Parroquia: San Salvador.

Nome do monte: Monte do Mato.

Cabida: 2,71 ha (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: camiño ao barrio do Mato.

Sur: ría de Pontevedra.

Leste: camiño ao barrio do Mato.

Oeste: camiño ao barrio do Mato e estrada a Campello.

Nome do monte: Monte da Barca.

Cabida: 0,54 ha (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: ponte da Barca.

Sur: autoestrada do Atlántico.

Leste: ponte da Barca.

Oeste: ponte da Barca e estrada.

Nome do monte: Monte de Lourido.

Cabida: 2,58 ha (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: estrada a Campello.

Sur: ría de Pontevedra.

Leste: ría de Pontevedra.

Oeste: ría de Pontevedra.

Nome do monte: Monte de Viñas.

Cabida: 1.596 m² (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: predios particulares de Mercedes López Viñas e camiño.

Sur: camiño.

Leste: predios particulares dos herdeiros de Argibay e Manuel Lores.

Oeste: predios particulares de Manuel Ferreira.

Concello: Pontevedra.

Nome do monte: Xunqueira do Bao.

Cabida: 7,13 ha (superficie alegada na solicitude).

Lindes:

Norte: estrada á Santiña.

Sur: estrada da ponte da Barca á ponte do Burgo.

Leste: río das Corrientes.

Oeste: autoestrada do Atlántico.

Quinto.-Feitas comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto o período de audiencia, presentaron alegacións Eloy Torres Pérez, o Ministerio de Medio Ambiente (Servizo Provincial de Costas) e o Concello de Poio, que se dan por reproducidas e que constan no expediente administrativo

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992, do 4 de setembro, cómpre entender por montes veciñais en man común ...os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños.

Así, segundo abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de se ter ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo

das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.-O uso en man común das parcelas de monte denominadas Monte da Barca e Monte de Viñas tense suficientemente acreditado pola documentación achegada polo solicitante e polo informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais do 20-4-2006.

En canto ás parcelas denominadas Xunqueira do Bao, Monte do Mato e Monte de Lourido, das alegacións feitas polo Ministerio de Medio Ambiente-Servizo Provincial de Costas de Pontevedra e do informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais, acredítase que esas parcelas se atopan na súa totalidade en terreos de dominio público marítimo-terrestre.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, o instrutor propón e de maneira unánime o xurado

ACORDA:

Clasificar como veciñal en man común as parcelas denominadas Monte da Barca e Monte de Viñas, a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Salvador, do concello de Poio, de acordo coa descrición reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable desta resolución.

Non clasificar as parcelas denominadas Xunqueira do Bao, Monte do Mato e Monte de Lourido, por atoparse estas parcelas na súa totalidade en terreos de dominio público marítimo-terrestre.

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Pontevedra, 5 de outubro de 2007.

Gonzalo Constenla Bergueiro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

ORIGINAŁ EN MAPA DE/01 MONTES "BACARIZAS" PERTENCENTE A LOS PUEBLOS DE LOIRO (SAN MARTIÑO),
BENTRACES (SAN XOÁN) Y SAOBRA DO BISPO (SANTA OLAIÁ), AYUNTAMIENTO BARBADÁS.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Delegación Provincial
Florentino L. Cuevillas, nº 4 e 6. baixo
Ourense



O Xurado Provincial de Clasificación de montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data 12 de setembro de 2007, adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Vista a acta de recoñecemento do límite entre os montes veciñais en man común "Bacarizas" do Concello de Barbadás, e "De Parderrubias", do Concello da Merca de 18-06-2007, na que consta que a petición da comunidade constituída polas parroquias de Loiro (San Martiño), Bentraces (San Xoán) e Saobrado do Bispo (Santa Olaia) propietaria do Monte Veciñal en Man Común denominado "Bacarizas", do Concello de Barbadás, o Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense procedeu a replantar o límite entre o monte veciñal citado e o denominado "De Parderrubias" pertencente á parroquia de Parderrubias (Santa Olaia) no Concello da Merca, resultan os seguintes

FEITOS:

PRIMEIRO.-

Consultada a documentación existente no rexistro de montes veciñais en Ourense comprobouse:

1º) Que de acordo co expresado na parte resolutiva dos acordos de clasificación correspondentes os dous montes en cuestión, o límite ente ambos é a liña de termos municipais.

2º) Que tanto na investigación previa á clasificación como no plano sobre o que se acorda a clasificación do monte "De Parderrubias" describen o límite entre ambos montes por unha liña situada mais ó norte da liña que marca os termos municipais, sensiblemente paralela a ela.

3º) Como consecuencia, existe unha zona, entre as dúas liñas citadas, que parece estar clasificada a favor da dúas propiedades diferentes (as dúas comunidades implicadas).

SEGUNDO.-

Por entender que o límite é a liña de termos municipais, procedeuse a comprobar sobre o terreo dito límite de acordo coas actas do Instituto Xeográfico Nacional, encontrándose catro marcos que segundo as actas mencionadas definen a parte que nos ocupa, realizándose un recoñecemento dos mesmos sobre o terreo en presenza de representantes das dúas comunidades afectadas. Asimesmo, realizouse un levantamento topográfico das coordenadas UTM que define a situación dos marcos.

TERCEIRO.- Realizadas tódalas comprobacións mencionadas as dúas comunidades veciñais recoñecen nas súas asembleas xerais que o límite entre os dous montes é o da liña de termos municipais, de acordo co expresado nas actas do Instituto Xeográfico Nacional e que se describen, comezando polo marco situado mais ó este da seguinte forma, e de cordo co plano que asimesmo se examina:

Punto nº 1 .-Con coordenadas UTM X = 589.946,91 Y= 4.679.367,05.



Trátase do primeiro marco das actas do Instituto Xeográfico Nacional descrito como: “Pedra de granito empotrada no terreo, de forma irregular cujas maiores dimensións, na parte visible, son trinta centímetros de lonxitude por trinta centímetros de latitude na súa base e trinta centímetros de altura, tendo unha cruz gravada na súa parte superior. Está situado no sitio denominado “Couso”. Este marco atopouse sobre o terreo.

Punto 2.- Con coordenadas UTM X = 588.885,79 Y= 4.679.147,11 .

Trátase do segundo marco das actas do Instituto Xeográfico Nacional, descrito como: “Recoñeceuse como tal un montón de terra afecta sensiblemente a forma cónica, cujas dimensións son de catro metros de diámetro na súa base, por setenta centímetros de altura”. Este marco recoñeceuse sobre o terreo, existindo actualmente un carballo no montículo de terra descrito polo Instituto Xeográfico Nacional.

Punto 3.- Con coordenadas UTM X = 588.551,35 Y= 4.679.079,44

Trátase do terceiro marco das actas do Instituto Xeográfico Nacional descrito como: “Pedra de granito labrada, empotrada no terreo, de forma cilíndrica e rematada por unha semiesfera na parte superior” Este marco atopouse sobre o terreo.

Punto 4.- Con coordenadas UTM X = 587.763,12 Y= 4.678.885,11.

Trátase do cuarto marco das actas do Instituto Xeográfico Nacional descrito como: “Pedra de granito labrada, empotrada no terreo e que afecta a forma cilíndrica. A cara superior desta pedra está deteriorada”. Este marco atopouse sobre o terreo.

En proba de conformidade co límite descrito, e a fin de que por parte do xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Ourense se acorde efectuar as correccións necesarias nos correspondentes planos de clasificación, un representante da Administración e os presidentes e secretarios das dúas comunidades implicadas asinan un acta que consta de dúas follas e un plano anexo, con data 18 de xuño de 2007.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é órgano competente para recoñecer a modificación do límite entre os montes dos que se fixo mención.

Segundo.- En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento aprobado por Decreto 260/1992, de 4 de setembro, o Decreto 562/2005, de 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial, por unanimidade dos seus membros.

ACORDAN:


Primeiro:

Aprobarr a modificación do límite entre o monte veciñal en man común “Bacarizas”, pertencente ás parroquias de Loiro (San Martiño), Bentraces (San Xoán) e Sobrado do Bispo (Santa Olaia), do concello de Barbadás, e o monte veciñal en man común “De Parderrubias”, pertencente á parroquia de Parderrubias (Santa Olaia), no Concello da Merca, coa que se atopan de acordo as dúas comunidades propietarias.

Aprobar, asimismo, a rectificación efectuada nos correspondentes planos de clasificación.




Segundo: Que, en cumprimento do disposto no art.. 28 do regulamento para a execución da lei 13/1989 (citada) a presente resolución se notifique ós interesados no expediente e se publique no diario oficial de Galicia facendo constar que poder ser obxecto de recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/199, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativo.



J. Biancica





Xunta de Galicia Consellería do Medio Rural
 Delegación Provincial de Ourense Servizo de Montes e Industrias Forestais
 Área de Montes Veciñais en Man Común
 Rúa do Fazo, nº 10, 9º andar, 52008 OURENSE
 Tfo.: 988-989705

COPIA DO PLANO
 Estipula fronte veciñais "Sacarizas" - "De Parderrubias" (Barbadós-A Merca)
 Nota: Área Montes Veciñais Man Común
 Ado.: Luis Miguel Becerra García

Cartografía de base:
 Folhas dótale nº 22548 e 22547 a escala 1:5.000
 ESCALA: 1:7.500 DATA: 23 Marzo 2008 REFERENCIA: 156-06 MV

E&P: 47/01
 ID: 1893



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **20 de febreiro de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

XV.- Solicitud de revisión de esbozo do MVMC "de Parderrubias", pertencente á CMMVVMC de Parderrubias, no concello de A Merca.

O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 11 de maio de 2023 en relación coa citada solicitude. No mesmo se indica que o perímetro obxecto da revisión de esbozo é o perímetro lindeiro con particulares, quedando 4 zonas sen revisar que suman un total de 571 m de perímetro, pois aparecen dúbidas de propiedade non resoltas pola comunidade propietaria. Estas zonas péchanse unindo a liña revisada ao esbozo existente, permanecendo este perímetro como sen revisar, polo que non se terá en conta esta liña trazada provisional a calquera efecto, liña sen aprobar por parte da comunidade de Parderrubias.

De acordo co citado informe, o Xurado acordou a aprobación da solicitude de revisión de esbozo.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 11 de marzo de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 11 de marzo de 2024 relativa á solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do monte veciñal en man común de Parderrubias, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Parderrubias, no concello da Merca.

Examinada a solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do monte veciñal en man común (MVMC) de Parderrubias, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) da parroquia de Parderrubias, no concello da Merca, resultan os seguintes:

Feitos:

Primeiro. O 29.9.2022 a CMVMC de Parderrubias presentou unha solicitude (Rexel núm. 2022/2391762) de revisión parcial de esbozo do MVMC de Parderrubias, no concello da Merca.

Coa solicitude achegaron a seguinte documentación:

- Certificación do acordo da Asemblea Xeral do 5.6.2022.
- Memoria e planos.
- Arquivos xeográficos en formato vectorial.

Segundo. O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 11 de maio de 2023 en relación coa citada solicitude. Nel indícase que o perímetro obxecto da revisión de esbozo é o perímetro lindeiro con particulares, quedando 4 zonas sen revisar, que suman un total de 571 m de perímetro, pois aparecen dúbidas de propiedade non resoltas pola comunidade propietaria. Estas zonas péchanse unindo a liña revisada ao esbozo existente, permanecendo este perímetro como sen revisar, polo que non se terá en conta esta liña trazada provisional a calquera efecto, liña sen aprobar por parte da comunidade de Parderrubias.



A superficie do MVMC de Parderrubias resultante, tras unir o esbozo parcial presentado segundo o punto 3, resulta de 463,32 ha fronte as 469 ha da clasificación, o que supón unha redución de superficie do 1 %.

Tendo en conta o anterior, infórmase favorablemente a revisión do esbozo do MVMC de Parderrubias.

Consideracións legais e técnicas:

Única. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

De acordo con esta, os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exigen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión, axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular, os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.


De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 11 de maio de 2023, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 20 de febreiro de 2024:

Aprobar a proposta de revisión de esbozo do MVMC de Parderrubias, pertencente á CMVMC de Parderrubias, no concello da Merca.

Ourense, 11 de marzo de 2024

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense








PROPOSTA DE REVISIÓN DE ESBOZO DO MONTE: Monte de Parderrubias



Promotor: Parderrubias (A Merca, Ourense)



Lenda

-  Revisión de esbozo MVMC Parderrubias: 6,81 km
-  Croquis clasificación (c. ficha)
-  Catastro

INFORME: PROPOSTA DE REVISIÓN DE ESBOZO DO MONTE "MONTE DE PARDERRUBIAS", CMVMC DE PARDERRUBIAS (A MERCA)

PLANO: Ortofoto	Nº PLANO: 2/2
AUTOR:  José Benito Meire Feijó Enxeñeiro de Montes Colexiado 5026 colexio Enxeñeiros de Montes	DATA: Setembro 2022
ESCALA (A2): 1 / 7.000	SITUACIÓN: A Merca
	BASE: Ortofoto ano 2020, PNOA
Coordenadas: Huso 29 Datum ETRS89	